

## **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE XANEIRO DE 2017.**

- 1.- Actas das sesións ordinaria e extraordinarias e urxentes (dúas) do 30 de decembro de 2016 e ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de xaneiro de 2017.

### ADMÓN. ELECTRÓNICA

- 2.- Proposta de constitución e nomeamento dos membros do Comité de Seguridade da Información. Expte. 8060/113.
- 3.- Adhesión ao Convenio de colaboración marco entre a Admón. Xeral do Estado e o Concello de Vigo para o subministro da aplicación "Oficina Virtual de Rexistro"(ORVE) como mecanismo de acceso ao rexistro electrónico común e ao sistema de interconexión de rexistros. Expte. 8003/113.

### ALCALDÍA

- 4.- Proposta de Alcaldía de modificación do acordo da X.Goberno local do 19/06/15, de delegación de competencias da Xunta de Goberno local nos concelleiros-delegados. Expte. 74/1102.

### ASESORÍA XURÍDICA

- 5.- Dar conta de Sentenzas, Autos e Decretos:
  - a) Expte. 9942/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no procedemento abreviado nº 373/2016.Demandante: Laura Cerriño Carrera. Obxecto: sanción en expediente sancionador de tráfico. Desestimado o recurso.
  - b) Expte. 9943/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no procedemento abreviado nº 382/2016. Demandante: Ana Maria Quiros Garcia. Obxecto: resolución desestimatoria da solicitude de recoñecemento de "categoría" de administrativa de administración xeral. Desestimado o recurso.
  - c) Expte. 9507/111. Sentenza do TSXG, Sala do Social, no recurso de suplicación 3746/2016. Demandante: Interparking Hispania S.A. Obxecto: Despedimento (pleito de orixe 891/2015, Social nº 5 de Vigo). SENTENZA do 13 de decembro do 2016.

d) Expte. 9937/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 403/2016. Demandante: Manuel Silva Costas Obxecto: Sanción de 300 € e retirada de dous puntos do permiso de condución.Desestimado o recurso.

e) Expte. 9936/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no procedemento Abreviado nº 346/2016. Demandante: Santiago Patiño Mouriño. Obxecto: Sanción de 600 € por contaminación acústica (Bar D'Avoa). Desestimado o recurso.

f) Expte. 9940/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 364/2016. Demandante: Angel Sanmartin Fernandez. Obxecto: reclamacion por responsabilidade patrimonial por caída nunha motocicleta. Estimado parcialmente o recurso.

g) Expte. 10024/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 409/2016. Demandante: Josefina Comesaña Carrizo. Obxecto: desestimación da solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na vía pública. Desestimado o recurso.

h) Expte. 100447/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo. Procedemento Abreviado nº 438/2016. Demandante: Enrique Navarro García. Obxecto: desestimacion de recurso de reposición fronte a resolución sancionadora en materia de tráfico. Desestimado o recurso.

i) Expte. 8745/111. Sentenza do TSXG no Recurso de Apelación 242/2016. Demandante: Sindicato Independiente de Funcionarios del Concello de Vigo. Obxecto:impugnación de Auto de peza separada de execución do P.A. 228/2014. Desestimado o recurso.

k) Expte. 10167/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 500/2016. Demandante: Onut Doru Ionel. Obxecto: sanción de tráfico por infracción en zona de estacionamento regulado. Desestimado o recurso.

l) Expte.10023/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 402/2016. Demandante: Julio Cesar Garcia-Luengo Montero. Obxecto: desestimacion por silencio da reclamacion plantexada no TEA Vigo fronte a resolución desestimatoria de recurso de reposición por dilixencia de embargo de plusvalía. Desestimado o recurso.

m) Expte. 10118/111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, no procedemento Abreviado nº 478/2016. Demandante: Álvaro Alves Pastoriza e outra. Obxecto: reclamación por reclamación patrimonial administrativa, danos por accidente de circulación na vía pública. Desestimado o recurso.

n) Expte. 9809/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 282/2016 P.O. Demandante: Tesourería Xeral da Seguridade Social. Obxecto: Denegación presunta por silencio administrativo por parte do Concello de Vigo do requirimento previo de anulación de dilixencia de embargo realizado nunha conta bancaria de la TGSS por importe de 348.727,15 euros . Inadmitido o recurso.

o) Expte. 10138/11. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 489/2016 P.A. Demandante: J.M Blanco Saralegui. Obxecto: Resolución do 7/07/16 do TEA relacionada coa solicitude de rectificación de liquidacións do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (Expte. 28008/514) Desestimado o recurso.

p) Expte. 10122/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo no procedemento Abreviado nº 482/2016. Demandante: Vestal Estructuras y sistemas sociedad cooperativa gallega. Obxecto: sanción de tráfico. Desestimado o recurso.

q) Expte. 10102/111. Auto do X. Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 466/2016. Demandante: Isaac Oliveira Benedicto. Obxecto: inadmisión de recurso por falta de competencia. Se declara rematado o procedemento.

r) Expte. 9688/111. Sentenza do X. De Primeira Instancia nº 4 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 941/2015. Demandante: Comunidade de Bens Burgos 25. Obxecto: Acción declarativa de dominio.

s) Expte. 9736/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Clasificación Profesional nº 315/2016. Demandante: Marina Aurora Davila Crespo. Obxecto: recoñecemento de superior categoría, e subsidiariamente, cantidades adebedadas por desenvolvemento de funcións superiores. Estimada parcialmente a demanda.

t) Expte. 9621/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Vigo. Despedimento nº 96/2016. Demandante: Jaime Ferreira Perez. Obxecto: Despedimento (Interparking Hispania SA), despedimento nulo ou improcedente. Estimada parcialmente a demanda.

u) Expte. 9618/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Vigo. Despedimento nº 95/2016. Demandante: Otilio Aboy Rodriguez. Obxecto: Despedimento (Interparking Hispania SA), despedimento nulo ou improcedente. Estimada parcialmente a demanda.

v) Expte. 10060/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 452/2016 P.A. Demandantes: D<sup>a</sup> Dorinda González Alonso e D<sup>a</sup> María Esther Cacheiro González. Obxecto: Resolución do 2 de maio de 2016 do Tribunal Económico Administrativo relacionada coa solicitude de rectificación da liquidación tributaria do Imposto sobre o Incremento do Valor de Terreos de Natureza Urbana. (Expte. 28298/514).Desestimado o recurso.

#### CONTRATACIÓN

6.- Proposta de inicio de procedemento de modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes. Expte. 9151/446.

#### DEPORTES

7.- Proposta de Autorización para a organización do VII Duetlon Cross de Candeán, o vindeiro domingo 29 de xaneiro de 2017. Expte. 15634/333.

#### EDUCACIÓN

8.- Prórroga do contrato de xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Inmersión Lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “Vigo en Inglés”. Expte. 16073/332.

9.- Prórroga do contrato de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Inmersión Lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High Schol “Vigo en Inglés”. Expte. 17468/332.

#### FESTAS

10.- Dar conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas durante o mes de decembro. Expte. 6808/335.

#### IGUALDADE

11.- Dar conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Igualdade durante o mes de decembro de 2016. Expte. 7540/224.

- 12.- Solicitud de subvención á FEMP para o programa municipal “Fomento da conciliación a través do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia”. Expte. 7544/224.

#### MEDIO AMBIENTE

- 13.- Dar conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor polo Servizo de VigoZoo no período de outubro-novembro 2016. Expte. 12282/306.

#### RECURSOS HUMANOS

- 14.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres diplomados/as en Traballo Social baixo a modalidade previsto no artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, do 30 de outubro, do TRLEBEP, por un prazo máximo de seis meses, para o Servizo de Benestar Social. Expte. 29226/220.

#### XESTIÓN MUNICIPAL

- 15.- Proposta de modificación da Comisión técnica do Plan de Transformación Integral. Expte. 88/1102.

- 16.- Rogos e preguntas.

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **20 de decembro de 2017, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez